

XXV Premio de Creación Literaria e Ensaio

A Facultade de Filoloxía convoca o XXV Premio de Creación Literaria e Ensaio dirixido a estudantes da Universidade da Coruña. Establécense **tres modalidades**:

- a) Poesía, narrativa, ensaio e teatro **en lingua galega**
- b) Poesía, narrativa, ensaio e teatro **en lingua castelá**
- c) Poesía, narrativa, ensaio e teatro **en lingua inglesa**

BASES:

1. As obras deberán ser inéditas.
2. Se se tratar de **textos poéticos** aceptaranse un poema ou un breve grupo de poemas con unidade temática. No caso de **narrativa** e **ensaio** consideraranse traballos dun máximo de quince páxinas e de trinta para **obras teatrais**. Todos os manuscritos presentaranse escritos a ordenador, cun tamaño de letra de 12 puntos (Times New Roman ou similar) e a dobre espazo.
3. O prazo para a presentación de orixinais estará aberto até o día **19 de abril** ás 14 horas.
4. Os textos (sen indicación de autoría) presentaranse por triplicado na **Secretaría do Decanato** da Facultade de Filoloxía, indicando no sobre “XXV Premio de Creación Literaria e Ensaio”, e a modalidade á que se opta. Entregarase tamén unha copia do texto (sen indicación de autoría) en soporte electrónico. En sobre aparte cerrado, identificado co título da obra, xuntaranse os datos persoais do/a autor/a, teléfono de contacto e correo, unha fotocopia do resgardo de matrícula deste curso e unha declaración de que o/a participante é o/a autor/a lexítimo/a da obra.
5. O xurado estará composto por profesorado da Facultade de Filoloxía e personalidades de recoñecido prestixio cultural. A súa composición farase pública no momento da adxudicación dos premios.
6. O xurado elixirá un texto premiado en cada modalidade e poderá adicionalmente outorgar un accésit en cada modalidade. Poderá excluír aqueles textos que non se axusten ás bases desta convocatoria, así como declarar deserto calquera dos premios se, ao seu xuízo, ningún traballo reúne méritos suficientes. Todas as súas decisións serán inapelables e non se manterá correspondencia cos/coas autores/as dos textos.
7. O premio fallarase nun acto público na primeira quincena de maio de 2017. A data do acto anunciarase na sección de actualidade da páxina web da Facultade de Filoloxía. Contactarase con antelación coas persoas gañadoras, que se comprometen a acudir ao acto.
8. Os premios consistirán en libros, cortesía da Librería Xiada, e a publicación conxunta dos traballos gañadores e dos accésits. Tamén se poderán publicar outros textos non premiados se así o decide a organización e o xurado, e previa autorización dos/as autores/as. A publicación dos textos non envolve cesión de dereitos de autoría.
9. As obras non premiadas poderán ser recollidas na Facultade até un mes despois do fallo do xurado. Pasado este prazo, os exemplares non premiados serán destruídos.
10. A participación neste certame implica a aceptación destas bases.